



**CONSELLO PARROQUIAL
LÉREZ
24/10/16**

ASISTENTES:

- Comunidade de Montes
- AAVV S. Bieito de Lérez
- Asociación cultural Stmo. Cristo
- Cofradía do Stmo. Cristo
- Anpa Ceip S. Bieito
- Directiva Ceip S. Bieito
- Pilar Comesaña

O concelleira delegada da parroquia Pilar Comesaña reúne cos membros do consello parroquial e a comunidade educativa do colexio de Lérez coa seguinte orde do día

- Proxecto calmado de tráfico na contorna do colexio
- Semáforos nas zonas de A Ferreira e A Cendona
- Muro contención rúa A Torre
- Seguimento obras barrio Ramallás
- Suxestións

1.- Calmado de tráfico Ceip S. Bieito de Lérez

A concelleira Pilar comesaña presenta o proxecto de calmado de tráfico na contorna do colexio. Cun presuposto de 82.066,88 euros, trátase de solventar dunha vez por todas o problema de seguranza viaria na zona.

- Todo o tramo de vial que sube dende a pista que comunica a estrada de Campolameiro e a estrada do Castelo ata entrada ao colexio, será de plataforma única con prioridade peonil.
- Nun lateral construírase un sendeiro peonil perfectamente delimitado por un pavimento de distinta cor que o da estrada.
- A velocidade máxima será de 20 Km/h
- Tres reductores de velocidade (lombos) no tramo de subida ao colexio, e outros dous na pista de abaixo, xusto antes e despois desa pista de subida.
- Prohibición de aparcar diante do colexio en horario de entrada e saída do colexio
- Colocación das sinais de tráfico necesarias.
- Canalización de augas pluviais.

Todos os asistentes mostran a aprobación a dito proxecto e piden que si todas estas medidas non tiveran a efectividade esperada, se tomen outras outras máis drásticas.

2.- Semáforos en A Ferreira e A Cendona

O Ministerio de Fomento da, por fin, a conformidade para a colocación dos semáforos nas zonas de A Ferreira e A Cendona. Antes de proceder a firma de dito permiso pediu ao Concello a elaboración e envío de diferente documentación: informe técnico do lugar exacto onde se queren colocar, compromiso do Concello de que vai ser este último o responsable da realización do proxecto. Toda esta documentación xa está preparada e esperamos que en breve se firme o permiso definitivo para realizar esta obra tan necesaria para os veciños da zona.

3.- Muro contención rúa A Torre

O muro de contención da rúa de A Torre na parcela delado da casa de Cultura está cedendo. Vaise medir nos vindeiros días para proceder a súa construción o antes posible.

4.- Seguimento obras proxectadas para o barrio do Ramallás

- **Casa entrada Ramallás.** Debido a un erro de uso da parcela, o proxecto está sufrindo un certo retraso. Os técnicos municipais pensaron que se ía a dedicar á construción dun pequeno local social que dera servizo ao barrio, e ese non era o fin ao que estaba destinado. Cambiouse toda a documentación e despois de ser aprobada a compra agora só queda o trámite de firma cos propietarios.
Inmediatamente despois procederase ao ensanche da pista para dar unha entrada digna ao barrio. Contactarase cos veciños para que eles decidan a que queren dedicar o espazo, e para que decidan como queren deixar a circulación pola zona. Tamén se pedirá permiso a Patrimonio para trasladar o cruceiro que está na estrada que sube ao Castelo.
- **Saneamento Ramallás.** Dende o Concello dase o visto bo para a construción do trazado de alcantarillado proposto polos veciños a través dunhas fincas de titularidade privada, cujos propietarios dan permiso para que as tuberías do saneamento pasen polas extremas das súas propiedades. O xoves 27 de outubro van a ir os técnicos municipais a medir as cotas. Si o informe é favorable contactarase inmediatamente cos propietarios das parcelas para que firmen as cesións e na maior brevidade se poda por en marcha a obra.

Suxestións

- No lugar de Casalnovos hai un pequeno tramo que quedou sen asfaltar no seu momento porque o propietario da vivenda anexa se negou a que se asfaltara. Solicitase agora ao Concello que se faga. Pilar Comesaña informa que se vai facer cando se fagan as cunetas de Casalnovos. Nunha primeira fase as cunetas solo se farán ata o parque infantil de O Montañón. Na segunda fase xa irán as de Casalnovos polo que este pequeno tramo será acondicionado.
- A Anpa do colexio de San Bieito de Lérez quere por en marcha unha horta no colexio, motivo polo cal solicitaron unha entrevista coa concelleira de educación Carme Fouces.